

Homenaxe a Xabier P. Docampo



CANDO:

29/05/2019

HORARIO:

20.30 h

ENDEREZO:

Teatro Rosalía Castro. Rúa Riego de Agua, 37, A. 15001 A Coruña

PREZO:

Entrada libre até completar capacidade

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Asociación Cultural Alexandre Boveda (ACAB) organizan unha homenaxe a XABIER P DOCAMPO escritor e mestre.

Namorado do cinema, guionista e director de programas de radio, contador oral, activista da renovación pedagóxica e da causa da dignidade da lingua galega. Actividades diversas para dar a coñecer a obra do que foi **PREMIO NACIONAL DE LITERATURA.**

Presentado por **Yolanda Castaño**, grande amiga de Xabier, serán os amigos e amigas os que aquí terán a palabra desde **Paco Martín** a **Xavier Senín**, desde **Fina Casalderrey** a **Suso de Toro**, **Alfonso García Sanmartín**, **Chus Fernández**, **Paula Carballeira**, **Manuel Bragado**, **Xosé Manuel Pereiro**, **María Canosa...**

O Audiovisual, a súa voz e a súa imaxe, na terra e fóra dela sempre traballando pola lingua o ensino e a cultura deste país. A música na voz de **Miro Casabella.**